

A CERTIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS: CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

THE CERTIFICATION OF PROFESSIONAL SKILLS: PROFESSIONAL CERTIFICATES

OLAYA QUEIRUGA SANTAMARÍA

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

A Formación Non Regrada como obxecto de estudo ven sendo nos últimos anos un tema de gran interese en investigación, mais, non existen demasiadas achegas cando falamos da certificación da profesionalidade ou dos certificados de profesionalidade.

Este foi a motivo polo cal decidimos indagar en torno a esta cuestión e realizar a tese de doutoramento en relación a esta temática.

O noso obxecto de estudo está constituído pola vinculación que existe entre os certificados de profesionalidade e a inserción profesional, a reinserción profesional e/ou a mellora da empregabilidade.

Trataremos pois, a través do mesmo, de realizar unha investigación acerca da inserción profesional producida a través dos certificados profesionais en Galicia no sector da Construción (edificación e obra civil) e outros sectores afíns (electricidade e electrónica; enerxía e auga; industrias extractivas; e madeira moble e cortiza).

Para acadar este obxectivo xeral tratamos de avaliar a calidade das accións formativas que dan lugar a este tipo de certificacións, e de analizar tamén se este tipo de formación pode ou non axudar a inserción socioprofesional dos suxeitos.

Palabras clave: Certificados de Profesionalidade; cualificacións; competencias; certificación; calidade; inserción profesional.

ABSTRACT

Non-formal education as an object of study is being in recent years a topic of great interest in research, however, there are not many contributions when it comes to professional certification or professional certificates.

This was a reason why we decided to inquire about this issue and make the doctoral thesis in relation to this issue.

Our object of study is composed of the link between the certificates of professionalism and employability, vocational rehabilitation and / or improvement of employability.

Through this study we will make a research on employability produced by certified professionals in Galicia in the sector of Construction (building and civil engineering) and other related sectors (electricity and electronics, energy and water, extractive industries; and furniture and bark) wood.

To achieve this overall objective try to assess the quality of the training leading to such certifications, and also analyze such training may or may not help the socio-professional integration of subjects.

Keywords: Professional certificates; qualifications; competencies; certification; quality; professional insertion.

1. INTRODUCCIÓN

No noso país unha importante porcentaxe da poboación activa non conta cunha acreditación recoñecida da súa cualificación profesional, o cal non quere dicir que este grupo de persoas non saiba desempeñar ningún oficio, senón que non teñen recoñecidas oficialmente ningún tipo de competencia profesional. Isto supón, para estas persoas, unha maior dificultade de inserción no mercado laboral.

Debido á importancia e gravidade desta problemática e co fin de ofrecer solucións a esta situación créanse, dentro do marco da política común europea en materia de emprego, os certificados de profesionalidade.

Un certificado de profesionalidade é un documento oficial que acredita as competencias profesionais adquiridas mediante formación, para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego. Cada certificado de profesionalidade está relacionado cunhas ocupacións ou postos de traballo e a súa realización certifica as competencias xerais para estes postos.

Os certificados de profesionalidade veñen a tratar de solucionar un problema social existente en España, que é o baixo nivel de formación e cualificación dunha importante porcentaxe da poboación.

Os certificados de profesionalidade teñen por obxecto impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que contribúa a adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a aprendizaxe actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a aprendizaxe ao longo de toda a vida da poboación activa, e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, dos territorios e dos sectores produtivos.

O obxectivo xeral deste traballo é coñecer o nivel de inserción laboral dos participantes nas accións formativas do Subsistema de Formación Profesional para o Emprego (2013-2016).

Especificamente trataremos de indagar en torno aos seguintes aspectos:

- Coñecer o nivel de inserción laboral dos participantes no sector da construción e outros sectores afíns na comarca de Santiago de Compostela.

- Analizar o proceso de inserción no mercado laboral: busca de emprego ou continuación de estudos, proceso de busca de emprego, medios de busca, influencia das prácticas na inserción laboral.
- Análise da calidade da inserción: tempo empregado en atopar traballo, relación co certificado de profesionalidade cursado, grao de satisfacción co emprego.
- Coñecer a evolución da inserción laboral no sector da construción: efectuar unha análise comparada dos resultados obtidos ao longo dos anos obxecto de estudo.
- Detectar puntos débiles e puntos fortes das accións formativas realizadas.
- Obter un coñecemento real das opinións dos alumnos, necesidades formativas adicionais e expectativas de futuro.
- Coñecer cales son as competencias profesionais e persoais que demandan as empresas para os seus traballadores.

2. ESTRUCTURA

Este estudo está composto por dos bloques de contidos. O primeiro deles é o Marco teórico, que se subdivide en cinco capítulos, que se presentan a continuación:

CAPÍTULO 1. INTERRELACIÓN ENTRE FORMACIÓN E TRABALLO

Neste apartado facemos un breve percorrido sobre os conceptos de traballo e formación e a súa interrelación ao longo da historia, centrándonos a continuación nestes conceptos e a súa correspondencia na actualidade. A razón pola cal nos parece interesante mencionar este percorrido histórico, polo menos brevemente, é debido a que a evolución dos mesmos e a súa significación actual ven dada pola propia historia e esta nos permitirá entender mellor o situación actual.

CAPÍTULO 2. ORIXE E EVOLUCIÓN DA FP

Neste capítulo centrámonos na historia concreta da Formación Profesional en España e de como foi evolucionando ata o momento actual.

CAPÍTULO 3. O SUBSISTEMA DE FP PARA O EMPREGO

Neste apartado facemos unha análise do subsistema de formación profesional para o emprego. Comezamos por analizar toda a lexislación que de unha maneira ou outra lle afecta a este subsistema. A continuación afondamos neste subsistema, analizando a súa estrutura e composición, obxectivos e funcionamento.

CAPÍTULO 4. A CERTIFICACIÓN DA PROFESIONALIDADE

Este capítulo está dedicado por completo aos CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, de modo que o dedicamos a expoñer, de maneira concisa, todo aquilo que ten que ver cos mesmos. Afondamos no seu nacemento, finalidade, vías de obtención, estrutura e composición.

CAPÍTULO 5. FORMACIÓN DE OFERTA: PLANS DE FORMACIÓN

Neste apartado centrámonos na formación subvencionada que se oferta para a obtención dos

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE.

No segundo bloque temos o estudo empírico no cal definimos o problema de investigación, centrámonos no deseño da investigación (formulación do problema, fontes de información, recollida de información, análise e tratamento da información e elaboración de conclusións). Presentamos tamén os instrumentos de recollida de datos que imos a empregar, que é un cuestionario de avaliación da calidade docente e da acción formativa para os alumnos que realicen a formación entre os anos 2015 e 2016; un cuestionario para o alumnado que finalizou a formación entre os anos 2013 e 2016; un cuestionario para os docentes que impartiron formación entre os anos 2013 e 2016; e un cuestionario para os técnicos de seguimento e control da formación.

Por outro lado faremos unha entrevista ao alumnado inserido e aos responsables das empresas empregadoras para coñecer a súa visión sobre a importancia da certificación da profesionalidade e da mellora da súa calidade.

3. CONCLUSIÓN

Este traballo veu motivado polo toma de conciencia da elevada porcentaxe de poboación que non conta con ningún tipo de cualificación e da elevada porcentaxe de suxeitos que contando con unha cualificación non dispón dunha acreditación da mesma. Tamén pola consideración da importancia dunha formación baseada nas competencias profesionais e pola gran ausencia de información e orientación entorno a esta certificación.

A certificación da profesionalidade converteuse nunha vía de escape para todas aquelas persoas que por diferentes motivos abandonaron prematuramente a

formación regulada, sen obter ningunha titulación, de modo que a través dos certificados de profesionalidade obteñen unha segunda oportunidade formativa.

Referencias bibliográficas

Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Lei Orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de Economía Sostible, pola que se modifican as Leis Orgánicas 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e 6/1985, da 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen las bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á súa financiación.

Real Decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Real Decreto 1722/2007, do 21 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego, en materia de órganos, instrumentos de coordinación e avaliación do Sistema Nacional de Emprego.

REAL DECRETO 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Real Decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o Subsistema de Formación Profesional para o Emprego.

Resolución do 27 de abril de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se publican os cuestionarios de avaliación de calidade das accións formativas para o emprego.

Resolución do 29 de xullo de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, polo que se regula a inscrición e no seu caso acreditación de centros e entidades

*A formación, a orientación, e o emprego no recoñecemento, avaliación e certificación de competencias profesionais
adquiridas en contextos formais, non formais e informais*

de formación que imparten formación de oferta para o emprego no ámbito de
xestión do Servizo Público de Emprego Estatal.